

CONVOCATORIA DE MOBILIDADE PARA PERSOAL SAÍNTE DENTRO DO PROGRAMA CARTES ERASMUS+ (KA107)

BASES DA CONVOCATORIA

1.- Obxecto da Convocatoria:

A Escola de Arte e Superior de deseño Antonio Failde fai pública a presente convocatoria cuxo obxecto e a concesión de 3 axudas de mobilidade para persoal docente destinada a financiar unha estancia de formación durante o curso 2019/2020 en países Asociados, no marco do Programa Erasmus+ KA107.

Este programa desenvólvese grazas á aprobación por parte da Comisión Europea (Servizo Español para a Internacionalización da Educación- SEPIE) das Mobilidades de estudantes e persoal entre países do Programa e países Asociados.

As mobilidades agora convocadas xestiónanse dentro do Consorcio CARTES

2.- Mobilidades dispoñibles para EASD Antonio Failde:

- 1 mobilidade para Albania
- 1 mobilidade para Bosnia i Herzegovina
- 1 mobilidade para Filipinas

En **Albania** as universidades de destino son:

- Universiteti I Arteve Tirana

<https://www.uart.edu.al/>

Música, Bellas Artes y Artes Escénicas. Ubicación Tirana

- Universiteti "Eqrem Çabej" I Gjirokastrës

<http://www.uogj.edu.al/>

Conservación e Restauración de Bienes Materiales. Ubicación Girokastre.

En **Bosnia i Herzegovina** a universidade de destino e:

- Univerzitet U Sarajevu

<https://www.unsa.ba/>

Belas Artes, Música e Artes Escénicas. Ubicación Sarajevo.

En **Filipinas** as universidades de destino son:

- University Of The Philippines, Cebu

<https://www.up.edu.ph/index.php/tag/up-cebu/>

Deseño de produto e Artes de estudo. Ubicación Isla Cebú (Archipiélago Filipinas)

- Ateneo De Manila University

<http://ateneo.edu/>

Escola de Comunicación e Xornalismo. Ubicación Manila.

3.- Requisitos dos solicitantes EASD Antonio Failde:

Poderán participar tódolos profesores que impartan estudos na EASD Antonio Failde (ensinanzas superiores de deseño e ensinanzas profesionais) durante o curso 2019/2020.

Os seleccionados haberán de tomar contacto coas Institucións xa conveniadas e con outras máis especificamente dedicadas á docencia destes ámbitos, tanto nas áreas de destino coma noutras áreas ou países das rexións asignadas ao Consorcio.

4.- Duración das mobilidades:

As mobilidades terán unha duración de 7 días, e desenvolveranse en pequenos grupos ao longo do curso 2019/2020.

As datas en principio establecidas son as seguintes:

Mobilidade a Albania do 16 o 20 de marzo (xunto ca EASD Ramón Falcón, Emprende y Gestiona 2015, FEI, EASD Burgos, IES Nestor Almendros e RCSM Granada).

Mobilidade a Bosnia do 16 o 20 de marzo (xunto ca EASD Ramón Falcón, CSM Vigo, ESAPA, FEI, Emprende y Gestiona 2015, ESAD Corella, IES Nestor Almendros e RCSM Granada, UVigo (BBAA).

A mobilidade a Filipinas inda esta por decidir.

5.- Axuda económica:

Os participantes na mobilidade recibirán unha axuda económica para sufragar os custos de manutención durante o período de mobilidade, así coma unha axuda económica para sufragar os custos da viaxe, segundo se especifica a continuación:

1) Importe da viaxe:

- Albania 275/360€, dependendo da distancia entre o centro de envío e a institución de destino.

Bosnia: 275/360€, dependendo da distancia entre o centro de envío e a institución de destino.

- Filipinas: 1500€

2) Apoio individual:

- Persoal saliente: 180€ / día

Os importes asignados para o apoio individual son independentes do país de destino ou orixe da mobilidade.

O importe da viaxe sinalado pode sufrir modificacións en función da distancia entre o centro de orixe e o centro de destino, polo que haberá que calcular os importes definitivos en base a ferramenta elaborada a tal efecto pola Comisión Europea

https://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/resources/distance-calculator_es

6.- Procedemento de solicitude:

Para poder participar no programa de mobilidade Erasmus+, os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación na Secretaría do centro:

1. Impreso de solicitude. Anexo I. (Unha por petición de mobilidade)
2. Plan de traballo. Anexo II. (Máximo dúas páxinas en A4, Arial 10)
3. Acreditación do nivel de idioma (Se tivera).

Devanditos documentos entregaranse na oficina da EASD do 29 de novembro ó 9 de Decembro de 2019. O solicitante pode solicitar máis de unha mobilidade tendo que cubrir e entregar un impreso por cada unha de elas. Entregaranse por separado e en sobre cerrado.

A presentación da solicitude implicará coñecer e aceptar o contido da presente convocatoria e do regulamento.

Ao asinar a solicitude, o solicitante autoriza o uso dos seus datos relativos a nome, apelidos, DNI, valoracións e destinos solicitados e adxudicados no taboleiro de novas e na web do centro. A desconformidade con este apartado poderá ser manifestada mediante escrito que será achegado no momento da presentación da solicitude.

7.- Adxudicación das mobilidades:

A Comisión de valoración, formada por un membro do equipo directivo, a coordinadora de calidade do centro e a coordinadora de Programas Internacionais da EASD Antonio Failde, levará a cabo a resolución da convocatoria. Para isto, establecerá unha lista por orde de prioridade que seguirá a orde de puntuación obtida na aplicación do baremo tendo en conta o seguinte:

1. A participación por primeira vez no programa de Mobilidade Erasmus.
Puntuación: **5,00** puntos.
2. A participación por segunda vez no programa de Mobilidade Erasmus.
Puntuación: **2,00** puntos.
3. A participación por terceira vez no programa de Mobilidade Erasmus.
Puntuación: **1,00** puntos.
4. Presentación de acreditación ou certificación de nivel de idiomas estranxeiro.

O nivel de idioma acreditado do país de destino terá a seguinte puntuación de acordo co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: Ensino, Aprendizaxe, Avaliación:

NIVEL	PUNTUACIÓN
A1	1,00
A2	1,25
B1	1,50
B2	2,00
C1	2,50
C2	3,00

Terase en conta o nivel acreditado de inglés, no caso de que non sexa o idioma do país de destino, coa seguinte puntuación de acordo co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: Ensino, Aprendizaxe, Avaliación:

NIVEL	PUNTUACIÓN
A1	0,75
A2	1,00
B1	1,25
B2	1,50
C1	1,75
C2	2,00

Puntuación máxima: **3,00** puntos.

5. Valoración do plan de traballo, segundo o Anexo II.

Puntuación máxima: **6,00** puntos.

No caso de empate na valoración anterior, este resolverase dando prioridade ao profesorado con maior permanencia no centro. No caso de que persistise o empate, valorarase a maior permanencia na función docente.

Os solicitantes, unha vez valorados, pasarán a formar parte dunha lista de seleccionados ordenada de maior a menor puntuación.

Serán adxudicatarios dunha bolsa de mobilidade os integrantes da lista de seleccionados por orde de puntuación.

A coordinadora de Programas Internacionais da EASD Antonio Failde publicará a resolución definitiva sobre a adxudicación das mobilidades na páxina web e no taboleiro de novas Erasmus da Escola.

Os adxudicatarios, persoal docente do programa de mobilidade Erasmus, adquiren o compromiso de divulgar a súa experiencia ao resto de persoal/estudantes do centro.

8.- Renuncias:

A renuncia a unha beca de mobilidade xa adxudicada presentarse por escrito á coordinación ERASMUS da EASD Antonio Failde.

Son causas xustificadas de renuncia:

- Enfermidade ou accidente grave do adxudicatario.
- Enfermidade grave ou falecemento dun familiar ata segundo grao.
- Cumprimento dun deber público.
- Calquera outra causa suficientemente acreditada a xuízo da Dirección da EASD Antonio Failde.

As renuncias inxustificadas supoñen unha penalización para o adxudicatario, que perderá o dereito á concesión dunha beca de mobilidade no curso académico inmediatamente posterior á renuncia.

9.- Prazos:

- Solicitude: O prazo de presentación abrírase o día 29/11/2019 e pecharase o día 9/12/2019 (hora de peche da Secretaría da EASD)

10.- Adxudicatarios: Trámites antes de comezar a estancia

Os adxudicatarios deberán tramitar a solicitude de permiso á Dirección da EASD Antonio Failde.

Os adxudicatarios realizarán tódolos trámites necesarios e requiridos pola plataforma CARTES

Ademais deberán asegurarse a cobertura sanitaria durante a estancia e subscribirán unha póliza que cubra accidentes e responsabilidade civil durante a estancia.

11.- Adxudicatarios: Trámites durante a estancia

Os adxudicatarios deben comunicar á coordinación ERASMUS da EASD Antonio Failde a súa incorporación ao centro de destino.

12.- Adxudicatarios: Trámites ao finalizar a estancia

Os adxudicatarios deben entregar á coordinación ERASMUS da EASD un certificado de cumprimento da estancia segundo o modelo normalizado, asinado e datado polo responsable do control da mobilidade do organismo de destino.

A data de certificación terá que ser igual ou posterior á data de finalización da estancia. Non se admiten certificados con data anterior á finalización do período de mobilidade.

Os adxudicatarios deben dar a máxima difusión ás actividades realizadas durante a súa estancia por medio da Web e as redes sociais da EASD Antonio Failde.

Coordinación de Proxectos Internacionais
María Sol Rojo

27/11/2019

ANEXO I

IMPRESO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE MOBILIDADE ERASMUS+ KA 107 DO CONSORCIO CARTES.

IDENTIFICACIÓN DO PARTICIPANTE	
Nome	
Apelidos	
Correo electrónico	
Teléfono	
Tempo de permanencia no Centro.	
Tempo de permanencia na docencia.	
PARTICIPACIÓN EN PROGRAMA DE MOBILIDADE ERASMUS	
Por primeira vez	
Por segunda vez	
Por terceira vez	
CERTIFICACIÓN DE NIVEL DE IDIOMAS DO PAÍS DE DESTINO	
A1, A2, B1, B2, C1, C2	
CERTIFICACIÓN DE NIVEL DE INGLES (no caso que non sexa o idioma do país)	
A1, A2, B1, B2, C1, C2	
MOBILIDADE QUE SOLICITA O PARTICIPANTE	
ALBANIA	
BOSNIA I HERZEGOVINA	
FILIPINAS	

O participante:

A secretaría do centro:

Data:

Data:

ANEXO II PLAN DE TRABAJO

O PARTICIPANTE DEBE DESENVOLVER OS SEGUINTE PUNTOS:	Puntos
Relación entre a especialización do profesor na EASD Antonio Failde e as materias que se imparten no centro de destino. Obxectivos previstos para a súa formación con esta mobilidade. Debidamente xustificado con información anexa	2
Posibles liñas de traballo e de investigación no centro de destino e o seu repercusión na EASD Antonio Failde.	2
Propostas para a difusión da EASD Antonio Failde no centro de destino	1
Propostas para a difusión dos resultados da mobilidade na EASD Antonio Failde	1